

DO FULGOR E DAS FLORES

RAMÓN LOUREIRO E O ILUSTRADOR GONZALO PERNAS FIRMAN UNA OBRA QUE ACHEGA AOS MÁIS PEQUENOS O MUNDO DAS PEREGRINACIÓNS MEDIEVAIS A COMPOSTELA

ao Anxo de Brancas Ás que habita
a Igrexa de Vilar de Donas, entre
bravos cabaleiros de pedra, o que ten
a cama debaixo das tellas do templo
e que algúns confunden cunha
cigóña perdida.



O libro de Loureiro vai ilustrado cos traballos de Gonzalo Pernas

Houbo un tempo no que entre os príncipes bretóns foi costume peregrinar polos camiños levando a casa consigo, pequenas casas fabricadas con seda de paraugas, que cargaban sobre os seus ombros mentres andaban. Dese tempo, calquera alegórico tempo pasado, e deses camiños que levaban a Santiago, trata a recente publicación de Ramón Loureiro (Sillobre, Fene, 1965), *Príncipes de Bretaña, estrelas de Compostela*. Literatura para nenos que somerxe, e tamén aos lectores de máis idade que se acheguen a ela, nos rituais das lendas da peregrinación a Compostela. Colabora Gonzalo Pernas con ilustracións que, en consonancia co universo fantástico ao que dá forma, conseguen transmitir a delicadeza coa que adentáramonos, ao final do itinerario, nunha catedral chea de flores, transparentes aos ollos

*Príncipes de Bretaña,
Estrelas de Compostela*

Ramón Loureiro
Dibuxos e
Ilustracións de
Gonzalo Pernas



NOVELA

**«Príncipes de
Bretaña,
Estrelas de
Compostela»**

Ramón Loureiro.
Ilustracións de
Gonzalo Pernas.
Biblos.***

pero non ao corazón, almas visíbles por prodixio, baixo diferentes cores. Palabras de doce fluír transmiten a mensaxe: ninguén volve ser o mesmo de antes tras facer o camiño. A peregrinación empeza por captar a contorna física da paisaxe, coma cando se sube ata o Cebreiro; narra milagres coma sentir o son de campás que non existen, ou ver ríos inesperados nacer dos penedos. Prodixios que permiten supoñer aos príncipes de Bretaña que algún outro moito maior, máis alá de ver un cabalo branco atravesar, ao galope e sen xinete, a praza do Obradoiro, ou que uns leóns se deitasen mansamente ante eles en sinal de tributo, había de agardalos ao chegar a Compostela.

Non renuncia este conto a amorar o imaxinario persoal do autor. Os príncipes Bretóns admiran onda Merlín as luces de Ferrol, e

os trobadores da súa bicéfala alteza don Henrique de Caldaloba cantan as maxias de Mondoñedo. Tampouco se resisten os peregrinos ao gozo de admirar os antigos libros do mosteiro de Samos. Tendo o Camiño de Santiago un significado espiritual e cultural, esta versión dese significado será a do sobrenatural contado con naturalidade.

O voo do botafumeiro, ¿non consegue encher de arrecendo e vertixe o espazo? O bosque, na noite estrelecida, baixo o río Branco do Firmamento, ¿non representa o mundo polo que vaga o ser humano buscando orientación?. Ramón Loureiro alicerza, sobre un substrato de escrita poética, a construción dun esteticismo relixioso de seu, porque por riba dos fastos, sempre está a beleza do seu fulgor literario.

Laura Caaveiro